

## MESA SECTORIAL DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2022

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Comezar cunha crítica á actuación da Consellería de Educación no proceder á hora de tratar os currículos. Entendemos a urxencia que ten o tema, motivada pola situación caótica xerada polo propio Ministerio de Educación, pero non pode ser que a Administración Educativa galega presente publicamente á prensa os currículos o día 19 de abril sen que as organizacións sindicais, representantes lexítimos do profesorado, teñan coñecemento deles, nin teñan nada que dicir sobre textos que afectan directamente ás condicións de traballo de todo o profesorado.

Insistimos tamén en denunciar a situación de caos total no Ministerio de Educación, xa que non é de recibo que teñamos que estar negociando a estas alturas currículos que deben ser aplicados xa a principios do curso que ven en certos niveis. Fraco favor se lle fai á Educación con tantos cambios nas leis educativas sen que sexamos capaces de acadar un consenso político no ámbito educativo que dote de estabilidade normativa ao ensino.

Na liña do mencionado anteriormente, ANPE considera fundamental que **non se obrigue aos centros educativos ao cambio dos libros de texto para o vindeiro curso escolar para non xerar máis caos á situación actual.**

Por outra banda, sen dotación de medios e recursos os cambios que se presentan non van a ter éxito. Sen falar de redución de rateos, de redución de horario lectivo, de autorización de desdobres, etc todo isto non ten sentido.

En relación á carga horaria das distintas materias establecidas no anteproxecto de Decreto consideramos que debe reforzarse a carga horaria das matemáticas que perden horas (somos conscientes de que se poden incluír no reforzo do bloque STEM pero debe explicitarse). Tampouco nos agrada que desaparezan as dúas horas de libre configuración en 4º e 6º. Pola nosa parte temos recibido escritos, e somos conscientes de que tamén os recibiu a Administración, de diferentes colectivos afectados pola redución de carga lectiva das súas materias (e non soamente de primaria). Desde a presentación pública, o pasado día 19 dos currículos educativos de Galicia os diferentes colectivos que se ven afectados pola perda de carga horaria están facendo chegar as súas reivindicacións (profesorado de lingua estranxeira, de economía, de relixión, etc....) e desde ANPE queremos facernos eco de ditas reivindicacións para darlle traslado á Administración.

Entrando en cuestións concretas do articulado:

- No artigo 11 apartado 2: consideramos que se deben incluír normas claras para a aplicación do establecido en dito artigo.
- No artigo 12: debe aparecer o texto “dotar aos centros de flexibilidade na aplicación...”
- No artigo 15: nas programacións didácticas desde ANPE consideramos que “Materiais e recursos didácticos” e “Actividades complementarias” deberían constituír por si mesmos un apartado específico dentro das mesmas.
- No artigo 16, punto 4: creemos que debe recollese como se vai a contabilizar ese tempo horario, se vai haber ou non redución horaria.
- No artigo 19 en relación ás titorías, desde ANPE Galicia consideramos que é o momento de potenciar e facer atractiva esta figura con reducións horarias, aumento retributivo, melloras administrativas, etc.

- En relación á avaliación deixar claro que ANPE si considera necesario a valoración numérica pero consideramos que isto debería estar recollido na normativa estatal para que a Consellería non teña que bordear a lei para incluír unha valoración numérica orientativa.
- No artigo 22.4 consideramos que se debe falar de “valoración ao finalizar o 1º e o 2º ciclo” e non falar de curso 2º e 4º.
- Solicitamos unha aclaración sobre se os centros educativos van a poder ofertar francés como primeira lingua estranxeira. **A Administración resposta que non se establece no Decreto currículo de inglés como 1ª lingua estranxeira e francés como segunda, senón que establece un currículo de lingua estranxeira. Polo tanto, se un centro ten demanda e así o considera poderá ofertar francés como 1ª lingua estranxeira.**
- En relación á Disposición Adicional 5ª non nos gusta que apareza unha mención a un número **mínimo** de días lectivos do calendario escolar.
- ANPE Galicia demanda formación específica para o profesorado en todas as cuesti

**A Administración informa de que se publicarán instrucións para os centros educativos aclaratorias dos diferentes aspectos organizativos do currículo.**

## **2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.**

- ANPE Galicia pregunta cando vai a pasar pola Mesa a Orde do Calendario Escolar. **A Administración resposta que é inminente.**
- ANPE Galicia demanda coñecer como está a situación dos novos ROC. **Os ROC están moi avanzados e a pretensión da Consellería é traelos este curso (aínda que non serían de aplicación para o vindeiro curso). De todos os xeitos a prioridade agora mesmo son os currículos.**
- ANPE pregunta sobre os prazos extraordinarios de matrícula nos ciclos formativos en relación ao adianto da publicación da resolución definitiva do CADP. **Ao non haber exames de setembro o procedemento de matrícula adiantarase tamén xa que despois de coñecer as notas finais (a finais do mes de xuño) poderán iniciarse os trámites.**
- ANPE demanda a restitución dos gastos por asistencia a actividades de formación.
- ANPE pregunta sobre as convocatorias que están pendentes de negociar: asesorías, etc. **Irán pasando pola Mesa Sectorial.**
- ANPE pregunta sobre a situación do protocolo e a figura do coordinador contra o Acoso e Violencia Escolar que debe estar en funcionamento o curso que ven segundo recolle a Lei de Protección da infancia. **A Administración xa está traballando para contemplar esta figura.**

**SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA**